

Literatura: Tema 10

A POESÍA DE FINAIS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. POETAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES

O contexto (temas 10, 11 e 12) Adóitase empregar o ano 1975 como marco inicial dunha nova etapa literaria, referida á produción das últimas décadas do séc. XX e as do presente século, pois danse uns acontecementos extraliterarios que van condicionar a historia, a cultura e a literatura galegas:

- Falecemento de Franco en 1975, que pon fin a un réxime ditatorial de 40 anos e dá paso a unha transición cara a un **sistema democrático**, que se iniciará coa Constitución de 1978 e que, no noso caso, culminará co Estatuto de Autonomía, aprobado polo Parlamento Galego en 1981.
- Recoñecemento da **oficialidade** da nosa **lingua**, que se desenvolverá coa Lei de Normalización Lingüística (1983). A lingua galega entra así no sistema escolar, o que permitirá que o pobo galego poida acceder, por primeira vez, ás competencias necesarias para ler e escribir o seu propio idioma.
- Na **literatura** hai varios factores que van favorecer a súa **normalización**: a ampliación do mundo editorial galego: Edicións Xerais de Galicia (1979), Sotelo Blanco (1981), Ir Indo (1985), A Nosa Terra (1987), Toxosoutos (1988), Edicións do Cumio (1989), Laiovento (1990), Kalandraka (1998), Rinoceronte Editora (2005), Urco Editora (2007), Apiario Editora (2014), Chan da Pólvora (2016)...; creación da Asociación de Escritores en Lingua Galega, o ingreso do Pen Club Galego no Pen Club Internacional e a proliferación de premios literarios poéticos, narrativos e teatrais.

A poesía actual

Adóitase sinalar o ano 1976 como marcador referencial dunha nova etapa na poesía contemporánea, pois nese ano aparecen obras decisivas para a renovación formal e temática deste xénero, entre as que salienta **Con pólvora e magnolias**, de **Xosé Luís Méndez Ferrín**, que non renuncia aos contidos sociopolíticos, pero afástase da simplificación do socialrealismo anterior e experimenta co intimismo en poemas que tratan o paso do tempo, o amor ou a morte. O novo marco poético presenta as seguintes características:

- 1. Factores favorecedores da difusión e o cultivo da poesía:** a. Formación de grupos e colectivos de poetas. b. Creación de revistas cun espazo importante para a poesía (*Nordés*, *Dorna*, *Escrita*, *Luzes de Galiza*, *Festa da Palabra Silenciada*, etc.) e a aparición de novas canles de difusión, como editoriais especializadas e Internet. c. Aparición de premios literarios de poesía, como “O Facho”, “Esquíu”, “Celso Emilio Ferreiro”, “Martín Códax”, “Leliadoura”, “Espirál Maior”, “Pérez Parallé”, “Afundación”, etc. d) Visibilización en recitais dentro e fóra, así como a creación de residencias poéticas.
- 2. Consolidación definitiva da escrita feminina**, iniciada por Rosalía no século XIX e concluída nas últimas décadas do XX, e no que vai de século XXI, onde tres autoras recibiron o Premio Nacional de Poesía: Pilar Pallarés, Olga Novo e Yolanda Castaño.
- 3. Diversidade temática e estilística**, que se manifesta na convivencia de varias promocións de autores e autoras: a. A madurez poética de voces anteriores ao 75, pertencentes a estéticas e xeracións diferentes, que publican obras fundamentais, como: *Herba aquí ou acolá* (1980), de Álvaro Cunqueiro; *Códice Calixtino* (1986), de Luz Pozo Garza; *Con pólvora e magnolias* ou *Estirpe* (1994) de Ferrín; *Os eidos. Libro do Courel* (1981), de Uxío Novoneyra, etc. b. A Promoción dos 80, que vai consolidar a nova estética inaugurada por Ferrín e xuntarlle novos temas, froito da “movida” e as novas sexualidades c. A Promoción dos 90, que reaccionará fronte á poesía dos 80, e onde irrompe a escrita feminina a oito d. Un panorama creativo do novo milenio, en que se observa convivencia interxeracional, pluralidade temática e diversidade.

A Xeración ou Promoción dos 80

Poetas que comezaron a publicar arredor do ano 1980 e que presentan as seguintes características:

1. Nados e nadas entre os anos 50 e 60.
2. Aparecen varios colectivos poéticos, como “Alén” (1977), “Cravo fondo” (1977) e “Rompente” (1978), e publicacións colectivas, como a antoloxía *Crebar as liras*, de Rompente.
3. Contribúen á consolidación dunha nova estética na poesía:
 - a. Formalismo: a admiración polos poetas rupturistas do pasado, nomeadamente Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro, lévaos a unha maior preocupación pola forma e o estilo; a poesía é, para eles, “unha arte da linguaxe” e o poeta non é xa o “voceiro da sociedade”.
 - b. Nos temas, reformulan a “poesía comprometida” do socialrealismo e prefiren a temática intimista: o amor, a sensualidade, o sexo; a Terra (non só como paisaxe, senón tamén como espazo mítico ou histórico); a morte, o paso do tempo, a metapoesía (a poesía como tema), etc.
 - c. Grande presenza do culturalismo e integración das artes: fanse referencias a outras literaturas (moi

especialmente a portuguesa e a inglesa) e concíbese a poesía como un lugar de encontro coas outras artes: o cinema (*Cinepoemas*, de **Claudio Rodríguez Fer**), a música (*Música reservada*, de **Luísa Villalta**: autora á que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas), a pintura, etc.
d. Integración de elementos da contracultura urbana e marxinal, especialmente nos autores do grupo **Rompente** (**Antón Reixa**, Alberto Avendaño e Manolo Romón), na poesía de **Lois Pereiro** ou na de **Xela Arias**.

A nómina de autores é moi extensa; amais dos xa mencionados, podemos citar a Manuel Vilanova, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel-Anxo Fernán Vello, Ramiro Fonte, **Ana Romaní**, **Manuel Rivas**, **Pilar Pallarés** (**Premio Nacional de Poesía**) e un longo etcétera.

A Xeración ou Promoción dos 90

A finais dos anos 80 prodúcese na poesía un estancamento estético, que será superado nos 90 por un panorama poético caracterizado por:

a) Eclosión do xénero poético: a nómina de poetas noveis chega a máis dun centenar e a súa produción supón o 40% dos libros publicados en galego. Son autoras e autores nados nos 60 e nos 70, que dinamizan o panorama poético desde a pluralidade estética máis absoluta e que presentan a particularidade de seren a primeira xeración literaria que cursou estudos de lingua e literatura galega —en moitos casos, no nivel universitario—, o que suporá un maior coñecemento da nosa lingua e tradición literaria.

b) A proliferación de grupos poéticos (o colectivo Ronseltz, Dolmen, Batallón Literario da Costa da Morte) e o achegamento de moitos autores a lugares de ambiente xuvenil (bares, festas populares, concertos...), o que lle dá un carácter dinamizador socio-cultural á poesía. Procúranse novos formatos para a difusión da poesía: recitais, fanzines, follas voandeiras, blogs...

c) A culminación da progresiva incorporación da muller á literatura galega, que constitúe na década dos noventa unha auténtica eclosión. A revista *Festa da palabra silenciada* (nacida xa nos 80) será o voceiro deste fenómeno, dado que reúne autoras de varias xeracións que van facer unha lectura diferente do mundo, afastada do androcentrismo cultural tradicional, con temas como a solidariedade, a tenrura, a comuñón coa natureza, o erotismo feminino, a liberdade da muller, a reivindicación de figuras femininas marxinadas pola sociedade, etc.

d) Tematicamente é unha poesía moi diversa: aos temas eternos do intimismo (o amor, existencialismo, o sentimento telúrico) xúntanse os temas sociais, vistos, porén, desde unha sensibilidade nova e alternativa (insubmisión, antimilitarismo, feminismo, ecoloxismo, antiglobalización, compromiso coa lingua, etc.).

e) Formalmente, a preocupación pola linguaxe manifestada na promoción anterior segue vixente, mais tamén se empregan novas fórmulas na procura dun maior achegamento ao lector: predomina o versolibrismo; a linguaxe é máis directa e achégase ás veces ao rexistro coloquial, sen caer no descoido; incorpóranse campos semánticos modernos e argots actuais.

Entre a extensa nómina de poetas dos 90, podemos mencionar a **Chus Pato**, Emma Couceiro, Lino Braxe, Fran Alonso, Miro e Rafa Villar, Kiko Neves, Sechu Sende, Igor Lugrís, Antón Lopo, Francisco Souto, **Lupe Gómez** (*Os teus dedos na miña braga con regra*), **Olga Novo** ou **Yolanda Castaño** (estas últimas, **Premios Nacionais de Poesía con Feliz Idade e Materia, respectivamente**). **Irrupción da muller e da súa escrita que será tamén tendencia na poesía do Século XXI.**

A poesía do terceiro milenio

Co novo século incorporáronse novas voces con moi variados rexistros e tendencias: María do Cebreiro, Olalla Cociña, Antía Otero, Xiana Arias, Oriana Méndez, María Lado, Estíbaliz Espinosa, Alberte Momán, Daniel Salgado... Poetas novos/as que se serviron de Internet para publicar motivos dos seus poemas iniciais (en blogs ou co formato de videopoemas, un formato tamén experimentado pola xeración dos 90) para conformarse como poetas en novas editoras que naceron á par da súa produción poética: **Gonzalo Hermo**, **Ismael Ramos**, Fran Cortegoso, Berta Dávila, Alba Cid ou Silvia Penas... Xorden tamén espectáculos como o de **Aldao&Lado** que levan a poesía aos bares e teatros.

A multitude de voces creativas, a creación de residencias literarias, como a **Residencia 1863** da Coruña, o mantemento de recitais poéticos como **Poetas Di(n)versos**, a aparición de subxéneros como a **banda deseñada poética**, coa publicación en 2018 de *O puño e a letra*, de Yolanda Castaño, os **slams** (combates) poéticos en Vigo ou mesmo o auxe da regueifa e a súa visibilidade en festivais dan conta da boa saúde da poesía galega máis recente.